



## CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

### ACTA SESIÓN EXTRAORDINARIA QUE CELEBROU O PLENO DA CORPORACIÓN DO CONCELLO DE FISTERRA O DIA 8/02/2022, EN PRIMEIRA CONVOCATORIA.

#### ASISTENTES

#### PRESIDENTE

MARCOTE, SUAREZ, José (PSOE)

#### CONCELLEIROS

VILELA ROMERO, Soledad (PSOE)  
MARIÑO LOPEZ, María. Rocío (PSOE)  
DOMINGUEZ LADO, Alexandre (PSOE)

SAR OLIVEIRA, Xan Carlos (BNG)  
FERNANDEZ MARTINEZ, Teresa (BNG)

TRABA FERNANDEZ, José Manuel (PP)  
INSUA ESMORIS-RECAMAN, Santiago (PP)  
BENLLOCH RIVAS, Daniel Juan (PP)  
SUAREZ SILVA, Jenifer (PP)  
CASTREGE FERNANDEZ, Leonor (PP)

#### SECRETARIO - ACIDENTAL

CARRIL PEREZ, Juan Carlos

Na vila e termo municipal de Fisterra, ás 20:00 horas, do día 8/02/2022, reúnen no salón de sesións da casa do concello, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, José Marcote Suárez, os Srs. e Sras. que na marxe se expresan, coa finalidade de celebraren a sesión ordinaria, en primeira convocatoria, do Pleno da Corporación.

Tendo en conta que segundo o establecido no artigo 90 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización e Funcionamento das Entidades Locais, para a válida constitución do Pleno, requírese a asistencia dun tercio do número legal de membros da corporación, que nunca poderá ser inferior a tres. Este quorum deberá manterse durante toda a sesión. En todo caso, requírese a asistencia do Presidente e do Secretario da corporación ou de aqueles que legalmente os substitúan.

Comprobado pola Secretaria – Intervención accidental, que os reunidos constitúen quórum suficiente para a válida celebración do acto segundo as disposicións vixentes, o

Sr. Alcalde – Presidente declara aberta a sesión, e todo iso aos fins de deliberar e resolver sobre o contido da seguinte

#### ORDE DO DÍA

2.1 PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

2.2 PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACION ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) "POS+2022".

#### 1º) PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

Intervén o Secretario – Interventor Accidental manifestando que debido ao escaso período de tempo que pasou entre o pleno ordinario e este pleno extraordinario, non lle dou tempo a redactar a acta da sesión ordinaria do Pleno da Corporación de 3/02/2022.

Intervén o Sr. Alcalde-Presidente propoñendo deixar a aprobación deste punto sobre a mesa, para ser tratado nunha sesión posterior.

Seguidamente, o Sr. Alcalde-Presidente somete á votación a proposta de deixar sobre a mesa a aprobación da acta da sesión ordinaria do Pleno da Corporación de 3/02/2022, sendo aprobada por unanimidade dos asistentes.



## CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

### 2º) PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) \*POS+2022”.

- Intervén o Sr. Alcalde-Presidente manifestando que se inclúe unha partida de 30.075,77 € para gastos corrente destinado ao subministro eléctrico, xa que debido ao incremento do prezo da luz imos superar o que temo consignado no orzamento de 2022.

- Intervén o voceiro do grupo Popular, Sr. José Manuel Traba Fernández, manifestando que con respecto a mellora do firme na rúa Cabo Fisterra, toda vez que está é unha das rúas principais de Fisterra, cun importe tráfico rodado. Vai ser suficiente con 20 centímetros de formigón?

- O Sr. Alcalde-Presidente, responde que debería ser suficiente. Normalmente o que se poñen son 15 centímetros. Aquí vanse poñer 20 centímetros de zorra de base e despois van os 20 centímetros de formigón con malla metálica. Na zona portuaria vanse poñer 23 centímetros de formigón.

Algunha das obras que incluímos neste POS xa están incluídas no orzamento recentemente aprobado para o ano 2022.

Tamén hai obras de separativa, como a da rúa Real. Temos preparada a da Mixirica. E a que baixa da rúa Laranxos hai que facerlle a separativa ata a rúa Náufragos.

- Intervén o voceiro do grupo Popular, Sr. José Manuel Traba Fernández, manifestando que esta separativa da baixada da rúa Laranxos ata a rúa Náufragos, xa estaba prevista noutra obra pasada, pero ao final non sei porque motivo, pero non se fixo.

- Intervén o Sr. Alcalde-Presidente, manifestando que se en Sardiñeiro incluímos a rúa Lagares, vemos que esta rúa estase afundindo, seguramente porque debaixo hai auga e esta auga estase metendo no bombeo. Esta obra imos facela en dúas fases, e cando nos poñamos con ela e imos aproveitar a ver como están as canalizacións nesta zona.

A vista do anterior, o Pleno da Corporación, por seis votos a favor (4 PSOE e 2 BNG) e cinco abstencións do grupo Popular, acorda:

1º) Participar no Plan provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+2022” da Deputación Provincial da Coruña, cunhas bases que se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da chega e o préstamo provincial asignados aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a “achega provincial 2022”, achega provincial 2021” e “préstamo provincial 2022”:

A)Financiamento de gastos correntes que se devenguen no exercicio 2022:

	Deputación
Achega provincial 2022 aplicada ao financiamento de gastos correntes	30.075,77 €
Achega provincial 2021 (Excepción da Base 2.1 final)	
<b>Subtotal gasto corrente</b>	<b>30.075,77 €</b>

B)Financiamento de investimentos:

ACHEGA PROVINCIAL 2022	FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO		
Denominación da obra ou		Concello	

**CONCELLO DE FISTERRA**

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

subministración	Deputación	Achega municipal	IVE soportado deducible (só abastecem. Auga potable)	Total Concello	Orzamento Total
Mellora do firme na rúa Cabo Fisterra	83.295,55 €				83.295,55 €
Subtotal investimentos achega provincial 2022	83.295,55 €				83.295,55 €

ACHEGA PROVINCIAL 2021 (Investimentos financeiramente sostibles)	FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO				
	Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello		
Achega municipal			IVE soportado deducible (só abastecem. Auga potable)	Total Concello	
Mellora do firme na rúa Lagares (Sardiñeiro) Fase I	35.118,60 €	4.328,84 €		4.328,84 €	39.447,44 €
Mellora do firme na rúa Lagares (Sardiñeiro) Fase II	33.741,40 €	3.883,51 €		3.883,51 €	37.624,91 €
Subtotal investimentos achega provincial 2021	68.860,00 €	8.212,35 €		8.212,35 €	77.072,35 €

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que se relacionan nestas táboas.

D) Resumo:

POS+2022 RESUMO DE FINANCIAMENTO	Deputación	Concello			Orzamento Total
		Concello	IVE Soportado deducible (só abastecem. Auga potable)	Total Concello	
A-GASTOS CORRENTES	Achega 2022	30.075,77 €			30.075,77 €
	Achega 2021 (Excep. Base 2.1)				
B- INVESTIMENTOS	Achega 2022	83.295,55 €			83.295,55 €
	Achega 2021	68.860,00 €	8.212,35 €	8.212,35 €	77.072,35 €
C - REDUCIÓN DÉBEDA	Préstamos 2022				
	Achega 2022				
	Achega 2021				
	Préstamos 2022				
	TOTAL	182.231,32 €	8.212,35 €	8.212,35 €	190.443,67 €



## CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

2º) Aprobar o Plan Complementario do ano 2022 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:

Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 50% do total de achega e préstamo provincial asignado)	Orzamento contrata (encher só esta columna se non hai actuacións de abastecemento auga potable) (A)	IVE soportado deducible (encher ademais esta columna se hai actuacións de abastecemento auga potable) (B)	Orzamento subvencionable (encher esta columna se se encheu a columna B por actuacións de abastecemento) (C=A-B)
Mellora do viario no Camiño da Insua. Fase II	75.462,34 €		75.462,34 €
Mellora do viario na rúa da Charca. Fase I	65.416,46 €		65.416,46 €
Mellora do viario na rúa da Charca. Fase II	83.125,00 €		83.125,00 €
Edar de Castro e Vilar de Duio	89.675,79 €		89.675,79 €
Mellora da rede de saneamento de augas pluviais na rúa Real	76.032,69 €		76.032,69 €
Mellora saneamento na rúa Alcalde Fernández e rúa Náufragos	85.142,24 €		85.142,24 €
<b>TOTAIS</b>	<b>474.854,52 €</b>		<b>474.854,52 €</b>

3º) Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

4º) Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2022 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos no POS+2022 Base, se a houbera.

5º) Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada coa participación do concello no Plan.

6º) Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

7º) Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

8º) Facultar expresamente á alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

E non tendo mais asuntos dos que tratar o Sr. Alcalde-Presidente, levanta a sesión sendo as 20:30 horas, do que, como secretario-accidental, dou fe.